



## RESOLUCIÓN ALCALDE-PRESIDENTE

### **BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO FORME 2020 DO CONCELLO DE VILAGACÍA (exp:TR353A 36/00023/2020)**

#### **Primeira.- OBXECTO.**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 12 e 13 da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os **obradoiros duais de emprego** da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353A (DOG 22-01-2020), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos que serán contratados **como persoal do citado proxecto**, promovido polo Concello de VILAGARCIA DE AROUSA e subvencionado pola antedita consellería.

#### **AS PRAZAS que se convocan son:**

- **DIRECCIÓN. Xornada: completa/9 meses**
- **TITORÍA. Xornada: completa/9 meses**
- **DOCENTE en ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES E TELEASISTENCIA NO DOMICILIO ÁREA SOCIAL: Xornada: parcial/9 meses**
- **DOCENTE en ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES NO DOMICILIO ÁREA SANITARIA: Xornada: parcial/9 meses**



- **DOCENTE en TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE:  
Xornada completa/9 meses**

Todos os docentes estarán suxeitos ao disposto nas presentes bases, coas salvidades previstas.

## **Segunda.- FUNCÍONS DOS POSTOS DE TRABALLO.**

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

### DIRECCIÓN:

- a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
- b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo
- c) Planificación e seguimento do proxecto
- d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- f) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- g) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

### TITORÍA:

- a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais



didácticos a empregar.

- d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
- f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- i) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

#### EXPERTOS DOCENTES:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- e) Responsabilizaranse do bo uso e custodias dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.



## **Terceira.- CONTRATACIÓN DOS PARTICIPANTES**

A entidade promotora formalizará, por escrito no modelo oficial correspondente, os contratos do persoal do proxecto que fose seleccionado e figure como tal nas actas do Tribunal.

## **Cuarta.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

### **a) REQUISITOS XERAIS.**

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.
2. Posuír un bo nivel de comprensión oral e escrita.
3. Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
4. Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.
5. Para os Directores, coñecemento da normativa que regula o programa de obradoiros de emprego

### **b) REQUISITOS MÍNIMOS: os previstos nos baremos anexos a estas bases.**

A posesión destes requisitos mínimos condicionarán a admisión dos candidatos ao proceso selectivo.

**Pasarán á fase de Entrevista persoal e á de Valoración de méritos**



**unicamente, os aspirantes que reúnan os requisitos mínimos para cada posto.**

En todo caso, os aspirantes deberán posuír os requisitos (xerais e mínimos) ou estar en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

**No caso de que non se acade un número mínimo de tres candidatos por posto, o equipo de selección poderá, de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, modificar os requisitos mínimos esixidos co fin de acadar candidatos suficientes.**

#### **Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.**

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.

2. Dita oferta, asinada polo Alcalde Presidente ou en quen delegue este, tramitarase a partir **19/11/20**

Esta data non será de aplicación no caso de docentes de materias complementarias dado que a súa oferta será presentada con posterioridade ao inicio do proxecto de obradoiro de emprego.

3. Os parámetros da sondaxe serán:

- a) **Ámbito xeográfico: Concello de Vilagarcía de Arousa. De non atoparse candidatos, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, do ámbito da oficina de emprego ata o ámbito provincial.**



- b) **Número de candidatos a remitir: CINCO por posto, que cumbran os requisitos mínimos e estean acreditados.**

4. O Concello de Vilagarcía convocará os candidatos que resulten da dita sondaxe e comunicaralles a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos.

#### **Sexta.- PUBLICIDADE DA OFERTA DE EMPREGO.**

Se o Concello de Vilagarcía así o acordase, despois de realizadas as actuacións que estime oportunas e remitida a oferta de emprego á correspondente oficina de emprego, poderá proceder a dar publicidade á dita oferta mediante a inserción dun anuncio nun dos diarios de maior tirada da provincia, sen prexuízo de que se empreguen outros medios que permitan unha maior difusión da oferta.

O dito anuncio será elaborado pola Concello de Vilagarcía e o seu contido axustarase á oferta de emprego tramitada, debendo figurar ademais as referencias a Xunta de Galicia.

#### **Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección constará dunha primeira fase de entrevista persoal, cos candidatos que cumpren cos requisitos mínimos establecidos nas bases de selección, e dunha derradeira de valoración de méritos en base aos baremos.

#### **Séptima.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Os candidatos, resultantes da oferta de emprego, a participar no proceso selectivo para as prazas de persoal do proxecto, deberán presentar a súa solicitude xunto coa documentación que probe os



**méritos alegados, debidamente cotexada, no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello de Vilagarcía na data que será comunicada pola Oficina de Emprego de Vilagarcía**

### **1.-Acreditación de requisitos e méritos:**

a) A **EXPERIENCIA PROFESIONAL** acreditarase:

- Traballo por conta allea: acreditada a través de certificación oficial de a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.

Traballadores autónomos: mediante certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas en que conste os servizos prestados.

- Traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este haberá de ser a xornada completa.

b)-A **FORMACIÓN** acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inexcusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos



ou resgardos da solicitude dos mesmos.

**2. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes,** o tribunal valorará as recibidas xunto cos méritos alegados polos aspirantes, comprobando que os candidatos cumpren os requisitos mínimos, e procederá á declaración provisional dos admitidos e excluídos.

**Esta declaración provisional de admitidos farase nunha sesión do tribunal. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que, necesariamente, figurarán os aspirantes admitidos e excluídos provisionalmente.**

O día **2/12/20** exporase a relación dos admitidos e excluídos ao proceso de selección, indicando lugar, data e hora que se concede para formular as alegacións; e data de publicación da relación definitiva de admitidos coa convocatoria a entrevista nos taboleiros, sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa, da Oficina de emprego.

**3.** Rematado o prazo de alegacións, o tribunal, noutra sesión, resolverá as alegacións formuladas e a relación definitiva de admitidos, e convocará a estes a entrevista persoal.

**4. A relación definitiva de admitidos coa convocatoria a entrevista publicarase o 4/12/20 nos anteditos taboleiros.**

#### **Oitaba.- FASE DE ENTREVISTA PERSOAL.**

1. A entrevista persoal terá lugar cos aspirantes co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan.





A entrevista persoal versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados co Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, cos Programas de Emprego e Formación Ocupacional, etc. Na citada entrevista poderá ser solicitado que algunha das preguntas a formular a todos os aspirantes poda desenvolverse por escrito ou de maneira oral.

2. Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatoria, valorarase de 0 ata 5,5 puntos

3. A entrevista persoal para a selección do persoal directivo, docentes das especialidades e persoal de apoio terá lugar, *con carácter xeral*, nas dependencias do Concello de Vilagarcía debendo acudir os aspirantes provistos do DNI ou documento substitutivo.

**4. A puntuación na fase de entrevista publicarase** na sede electrónica e nos taboleiros do Concello de Vilagarcía e nos da oficina de emprego.

#### **Novena.- BAREMOS**

Xúntanse os baremos para a selección do persoal.

#### **Décima.- FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.**

1.-Finalizada a fase de entrevista persoal, o tribunal valorará, en base aos baremos, los méritos alegados coa solicitude dos candidatos presentados a entrevista e que permanezan no proceso de selección.



A puntuación máxima desta fase **será de 10 puntos.**

A declaración provisional das puntuacións farase nunha sesión do tribunal. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas aos méritos alegados.

Exporase a relación provisional das puntuacións na sede electrónica e nos taboleiros do Concello de Vilagarcía e nos da oficina de emprego. Nesta relación figurará o día que se concede para formular alegacións á valoración dos méritos e data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

2. Rematado o prazo de alegacións, o tribunal, noutra sesión, resolverá as alegacións formuladas e establecerá a relación definitiva das puntuacións.

Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que, necesariamente, figurarán as puntuacións acadados en cada fase, así como as puntuacións finais (suma dos puntos acadados en cada fase) dos candidatos que tiveren superado a totalidade do procedemento selectivo e que determinarán a orde de prelación dos aspirantes para a súa ulterior contratación pola entidade promotora .

Os posibles empates nas puntuación dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base décimo terceira.

### **Décimo primeira.- PUNTUACIÓN FINAL. CONTRATACIÓN.**

1. Unha vez elaborada a proposta de persoal docente a contratar para o proxecto, a entidade promotora deberá remitila a correspondente xefatura territorial que deberá



verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal docente proposto non cumprira ditos requisitos a xefatura comunicarllo ao concello para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. O proxecto non poderá dar comezo en tanto a Xefatura non comprobe que todo o persoal docente reúne ditos requisitos.

O Concello de Vilagarcía contratará o aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto polo tribunal.

2. As puntuacións finais e os nomes dos candidatos propostos para seren contratados pola entidade promotora e os dos integrantes da lista de reserva a que fai referencia a base decimo terceira, publicaranse na sede electrónica e nos taboleiros de anuncios do Concello de Vilagarcía e da Oficina de Emprego

Unha vez publicadas as puntuacións do proceso de selección, os candidatos con maior puntuación en cada praza deberán en **un prazo máximo de 1 día natural** comunicar por escrito ao Concello de Vilagarcía a súa **aceptación ou renuncia á praza. Se transcorrido devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, considerarase que se renuncia á mesma, que pasará a adjudicarse ao seguinte candidato con maior puntuación, tendo igualmente a obrigaón de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza.**

3. Os candidatos que na data límite de inicio do Proxecto **FORME 2020 do Concello de Vilagarcía**, estean prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, soamente poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto se remataron a súa relación laboral co proxecto en funcionamento, sempre por expiración do prazo máximo de duración do proxecto, antes de dita **data de inicio.**

No caso de contratados a **tempo parcial** soamente poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto cando a súa



xornada laboral sexa compatible coa do novo proxecto.

### **Décimo segunda.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.**

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- 1.º A persoa que se atope en situación de desempleado.
- 2.º A puntuación correspondente ás titulacións preferentes.
- 3.º A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- 4.º A puntuación obtida no apartado de experiencia docente.
- 5.º A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- 6.º A puntuación obtida no apartado de coñecementos do idioma galego.

### **Décimo terceira.- LISTA DE RESERVA.**

1. Rematado o proceso selectivo, o tribunal elaborará unha lista de reserva, cunha validez dun mes, integrada polos candidatos que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produciren unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2. De non haber candidatos, iniciarase un novo procedemento selectivo.

**Décimo cuarta.- COMISIÓN SELECCIONADORA – TRIBUNAL.** O Tribunal Cualificador desta proba selectiva, estará integrado polos seguintes membros, empregados públicos do Concello de Vilagarcía:



Presidente/a: María Jesús Fole Gómez- Ricoy

Presidente/a suplente: Mar Caramés Moreira

Secretario/a: Sonia Santos Castiñeira

Secretario/a suplente: M<sup>a</sup> Teresa García Romero

Vocais: Mar Caramés Moreira, Manuel Franco Leis e Iria Camba Rey

Vocais suplentes: Miguel Domínguez Campelo

O Tribunal poderá recabar, se o estimase procedente e convinte, o asesoramento dun ou varios expertos/as que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da Lei 40/2015 de 1 de outubro.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente, Secretario e un tercio dos vocais.

#### **Décimo quinta- . PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.**

Os aspirantes seleccionados/as e propostos/as polo Tribunal deberán presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos no prazo que publicárase nos listados definitivos.

No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O/a aspirante proposto/a e contratado/a comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.

#### **Décimo sexta.- INCIDENCIAS, IMPUGNACIÓN E SUPLETORIEDADE**

A Comisión Seleccionadora queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.



A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

En todo o non previsto nestas bases de selección será de aplicación o disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015 do texto refundido da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e demais normativa concordante.

#### **Décimo sétima.- : CLAUSULA PROTECCION DE DATOS PERSOAIS**

En cumprimento do disposto no “REGLAMENTO (UE) 2016/679 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (RXPDP)” e da Lei Orgánica 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un rexistro de actividade coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravella nº1, a través da sede.vilagarcia.gal ou no email dpd@vilagarcia.gal

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica: sede.vilagarcia.gal . A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección supón o consentimento expreso para tratar a información nos termos indicados.

Vilagarcía de Arousa, 19 de novembro de 2020  
Firmado por ALBERTO VARELA PAZ  
Cargo Alcalde, Presidente  
Fecha 20/11/2020

14  
Firmado por MARIA ROSA LOSADA SUÁREZ  
Cargo Secretaria Xeral  
Fecha 20/11/2020





## BAREMO SELECCIÓN POSTO DIRECCIÓN DE OBRADOIRO DE EMPREGO

### REQUISITOS MÍNIMOS:

1. **TITULACIÓN UNIVERSITARIA**
2. **EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE 24 MESES, NOS ÚLTIMOS 10 ANOS:** En dirección o xestión de empresa, equipos humanos e proxectos (excluíndo direccións técnicas e facultativas) e/ou Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (agás funcións de orientación e docencia)\*Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.

### 1.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto. .PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00

1. 1.1
 

Cursos de 30 horas a 299 horas.....	<b>máximo 0,80</b>
Cursos de 30 a 99 horas.....	0,10
Cursos de 100 a 299 horas.....	0,20
2. 1.2
 

Cursos de 300 horas ou máis.....	<b>máximo 1,80</b>
Cursos de 300 a 599 horas.....	0,40
Cursos a partir de 600 horas.....	0,60
3. 1.3
 

Cursos en Prevención de Risgos . Só se valorará o grao superior alegado **máximo 0,60**

Básico xeral .....0,10; Medio .....0,40; Superior.....0,60
- 1.4
 

Cursos de Informática: coñecementos nivel de usuario .....**máximo 0,40**

Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40



## 2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto. PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,65

**Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(\*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados (\*\*)**

### 2.1.- Nos últimos 10 anos:

2.1.1. Experiencia en Dirección de E.O/ C.O/ O.E Por cada mes 0,08.....**máximo 5,00**

2.1.2. Experiencia en Dirección en entidade pública ou privada. Por cada mes 0,07.....**máximo 5,00**

2.1.3. Experiencia como Técnico de Emprego e desenvolvemento local. Por cada mes 0,07..**máximo 4,00**

### 2.2.- No resto da súa vida laboral:

2.2.1. Experiencia en Dirección de E.O/ C.O/ O.E Por cada mes 0,03.....**máximo 2,50**

2.2.2. Experiencia en Dirección en entidade pública ou privada. Por cada mes 0,03.....**máximo 2,50**

2.2.3. Experiencia como Técnico de Emprego e desenvolvemento local. Por cada mes 0,03..**máximo 2,00**

## 3.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO ..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,25

3.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,05

3.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,10

3.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente ..... 0,25

**\*Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

## 4.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10





## NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego.
- Os cursos que non especifiquen **o contido e número de horas** non se contabilizarán.
- Os cursos con **contidos similares**, só se valorará o que sexalle máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.

(\*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.

(\*\*) Terá que quedar debidamente acreditada a dirección dun equipo humano, de características similares a estes proxectos.

Vilagarcía, 19 de novembro de 2020

Firmado por ALBERTO VARELA PAZ  
Cargo Alcalde-Presidente  
Fecha 20/11/2020

Firmado por MARIA ROSA LOSADA SUÁREZ  
Cargo Secretaria Xeral  
Fecha 20/11/2020

Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.





## BAREMO SELECCIÓN POSTO DE TITORÍA DE OBRADOIROS DE EMPREGO

### REQUISITOS MÍNIMOS PARA SUPERAR ESTA FASE:

- **TITULACIÓN UNIVERSITARIA.**
- **EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE 24 MESES SEGUNDO BAREMO NOS ÚLTIMOS 10 ANOS.**
- **COMPETENCIA DOCENTE (Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, OU 6 meses de EXPERIENCIA EN TITORÍA en Obradoiro de Emprego.**

\*Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos

#### 1.- TITULACIÓN .....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,75

1.1 Lcdo. en Pedagogía ou Psicopedagogía.....0,75

1.2 Lcdo. en Psicología.....0,50

#### 2.-FORMACIÓN COMPLEMENTARIA,Relacionada co posto \_\_\_\_\_.PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50

1-Cursos relacionados co posto.....máximo 1,00

Cursos de 30 a 99 horas.....0,10

Cursos de 100 a 299 horas.....0,20

Cursos de 300 a 599 horas.....0,40

Cursos a partir de 600 horas.....0,60

2.2 Cursos en Prevención de Risgos . **Só se valorará o grao superior alegado.....máximo 0,60**

Básico xeral .....0,10; Medio .....0,40; Superior.....0,60

2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.....**máximo 0,40**

Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40

#### 3.- FORMACIÓN PEDAGÓXICA ..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50

3.1 Certificate profesionalidade de Formador Ocupacional.....máximo 0,50

3.2 CAP ou equivalente.....máximo 0,25



**4.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto. ....PUNTUACIÓN MÁXIMA 6,90**

**Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(\*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados (\*\*).**

**4.1.- Nos últimos 10 anos:**

4.1.1. Experiencia en funcións titorias nas E.O / C.O. /O.E. Por cada mes,0,08... **máximo 5,00**

4.1.2. Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.Por cada mes, 0,07..... **máximo 5,00**

**4.2.- No resto da súa vida laboral:**

4.2.1. Experiencia en funcións titorias nas E.O / C.O. /O.E. Por cada mes,0,03...**máximo 2,50**

4.2.2. Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.Por cada mes 0,03.....**máximo 2,50**

**5.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO..... PUNTUACIÓN MÁXIMO 0,25**

5.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,05

5.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,10

5.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente ..... 0,25

**\*Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

**6.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10**



## NOTAS IMPORTANTES PARA A BAREMACIÓN

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego.
- Os cursos que non especifiquen o **contido e número de horas** non se contabilizarán.
- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexalle máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia laboral, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- Non se terá en conta aquela experiencia docente non relacionada co posto.

(\* ) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.

Firmado por ALBERTO VARELA PAZ  
Cargo Alcalde-Presidente  
Fecha 20/11/2020

Firmado por MARIA ROSA LOSADA SUÁREZ<sup>3</sup>  
Cargo Secretaria Xeral  
Fecha 20/11/2020

Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.





## **BAREMO SELECCIÓN EXPERTOS- DOCENTES OBRADOIROS DE EMPREGO FORME 2020**

### **REQUISITOS MÍNIMOS (Ver Anexo):**

-TITULACIÓN REQUIRIDA E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro, **nos últimos 10 anos**, mínimo oficial 1ª .

1. -COMPETENCIA DOCENTE (**Certificado de Profesionalidade** de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo)
2. **\*Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.**

### **1.- TITULACIÓN ACADÉMICA Puntuación Máxima 1,00**

1.1 Titulación académica distinta á mínima esixida, sempre que estea relacionada coas funcións a desenvolver

### **2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto. Puntuación Máxima 2,00**

2.1- Cursos relacionados co posto.....**máximo 1,50**

Cursos de 30 a 99 horas.....0,10

Cursos de 100 a 299 horas.....0,20

Cursos de 300 s 599 horas .....0,40

Cursos a partir de 600 horas.....0,60

2.2 Cursos en Prevención de Risgos . **Só se valorará o grao superior alegado.....máximo 0,60**

Básico xeral .....0,10; Medio .....0,40; Superior.....0,60

2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.....**máximo 0,40**

Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40



**3.- EXPERIENCIA LABORAL NA ESPECIALIDADE(Mínimo oficial 1ª) Puntuación Máxima 6,65**

**Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(\*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.**

**3.1.- Nos últimos 10 anos:**

3.1.1. Experiencia en E.O/OE ou C.O. na especialidade. Por cada mes, 0,08.....**máximo 5,00**

3.1.2. Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.  
Por cada mes, 0,07.....**máximo 3,50**

3.1.3. Experiencia Profesional . Por cada mes, 0,07.....**máximo 5,00**

**3.2.- No resto da súa vida laboral:**

3.2.1. Experiencia en EO/OE ou CO. na especialidade. Por cada mes, 0,03.....**máximo 2,50**

3.2.2. Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.  
Por cada mes, 0,03.....**máximo 1,75**

3.2.3. Experiencia Profesional . Por cada mes, 0,03.....**máximo 2,50**

**4.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO Puntuación Máxima 0,25**

4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,05

4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,10

4.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente ..... 0,25

**\*Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**



5.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego. **PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10**

**NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO**

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego.
- Os cursos que non especifiquen o **contido** e número de horas non se contabilizarán.
- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexalle máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.

(\*) A **categoría** a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina.



## **ANEXO Ó BAREMO DE EXPERTOS-DOCENTES OBRADOIRO DE EMPREGO “OE LABORA XOVE 2020 CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

### **REQUISITOS MÍNIMOS PARA SUPERAR A FASE:**

*TITULACIÓN REQUIRIDA E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE  
NOS ÚLTIMOS 10 ANOS, MÍNIMO OFICIAL 1ª, NO ÁMBITO EMPRESARIAL OU DE  
OBRADOIROS DE EMPREGO/ESCOLAS OBRADOIRO.*

*COMPETENCIA DOCENTE (Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de  
docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD  
189/2013, do 15 de marzo)*

\* Estarán exentos do certificado de profesionalidade:

- a) Licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía o de Mestre en todas as súas especialidades, ou título de grao no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía ou postgrao nos citados ámbitos.
- b) Título de Especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.
- c) Acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos *600 horas nos últimos 7 anos* en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

### **TITULACIÓNS E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUÍRIDAS ÓS EXPERTOS- DOCENTES NAS DISTINTAS ESPECIALIDADES**





**\*\* EXPERTO EN ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO E TELEASISTENCIA -N2**

**Se require 2 ano de experiencia profesional con titulación requirida ou 4 anos de experiencia profesional sen titulación requirida.**

**ÁREA SANITARIA . Titulación requirida**

- Diplomado en Enfermería
- Licenciado en Medicina
- Técnico Superior da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade.
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área de Atención social da familia profesional de Servizos Socioculturais á Comunidade

**ÁREA SOCIAL. Titulación requirida**

- Diplomado en Traballo Social
- Diplomado en Educación Social
- Licenciado en Psicoloxía e Psicopedagogía
- Técnico Superior da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade.
- Certificado de profesionalidade nivel 3 área de Atención social da familia profesional de Servizo Socioculturais e á Comunidade

**\*\* EXPERTO EN TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE -N1**

**Se require 2 ano de experiencia profesional con titulación requirida ou 4 anos de experiencia profesional sen titulación requirida.**

**Titulación requirida:**

- Técnico e Técnico Superior da familia profesional de Madeira, Moble e Corcho.



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Concellería de Promoción Económica  
ÁREA DE EMPREGO

Praza Ravella, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 ext. 211 · F 986 501 109  
CIF: P/3606000 B  
emprego@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

- Certificados de Profesionalidade de nivel 2 e 3 na área Profesional de Producción carpintería e moble da familia profesional de Madeira, Moble e Corcho.

Firmado por ALBERTO VARELA PAZ  
Cargo Alcalde-Presidente  
Fecha 20/11/2020

Firmado por MARIA ROSA LOSADA SUÁREZ  
Cargo Secretaria Xeral  
Fecha 20/11/2020

Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

